

A CIG-Ensino defende unha negociación global de mellora de condicións laborais e retributivas

Como así o demandan os e as 12.000 docentes que apoiaron a campaña de recuperación de dereitos.



A CIG-Ensino censura que a Consellaría queira limitar a negociación que se abriu na Mesa Sectorial só á equiparación retributiva do profesorado galego co do resto do Estado e lembrou que o este colectivo reclama “que nos sexan restituídos os dereitos roubados nos últimos anos e que se melloren as nosas condicións de traballo”. Ao respecto dunha posíbel suba salarial, o secretario nacional, Suso Bermello, indicou que se debe ter en conta non só a situación actual senón tamén os recortes sufridos e a situación de apertura de negociacións noutras comunidades autónomas. Nestes intres o salario do profesorado galego ocupa o posto 12º no conxunto do Estado e sería preciso un incremento de arredor de 200 euros mensuais para pasar á parte alta da táboa. Así mesmo, reclamou que se inclúa un Fondo de Compensación que leve á recuperación dos arredor de 6.300 euros de media que lle foron recortados ao profesorado galego nas pagas extras durante o período 2013-2016.

A CIG-Ensino fixou a súa posición de partida na Mesa Sectorial convocada pola Consellaría para abrir unha negociación de homologación retributiva do profesorado galego co do resto do Estado. Na súa intervención, o secretario nacional, Suso Bermello, amosouse “profundamente preocupado porque a Consellaría se peche en banda a abrir a negociación

a calquera outra demanda dos traballadores e traballadoras do ensino público”. “Mal empezamos -indicou- se unha parte impón desde o comezo o que se pode negociar e o que non, porque entón isto non é unha negociación, é unha estafa”.

Con respecto ao apartado retributivo a CIG-Ensino entende que “é preciso contextualizar a situación da que vivimos”. Por iso lembraron as cantidades directas, sen ter en conta a suba do IPC, que se perderon polos recortes nos últimos 8 anos, que van desde os 16.142 euros no caso dun mestre sen antigüidade até os 31.554 € dunha profesora de Secundaria con 30 anos de antigüidade.

Ademais, en Galiza desde 2013 os recortes nas pagas extras roldan os 6.300 euros de media, unha medida restritiva que non sufriu o persoal docente doutros territorios. Neste sentido tamén hai que ter presente que no resto de comunidades tamén se están a negociar melloras, non só de carácter salarial, polo que “calquera acordo que saia desta mesa ten que ter en conta que nuns meses a situación salarial do profesorado galego en relación á doutro profesorado do conxunto do Estado pode volver a un posto semellante ao que actualmente ocupa.

“Queremos recuperar o que é noso. Esa é a mensaxe que nos traslada o profesorado e que traemos a esta Mesa Sectorial”

Negociación sen trampas nin esquecementos

Por iso, a CIG-Ensino incidiu en que é preciso abordar un debate global e chegar a un acordo entre a Consellaría e as organización sindicais para fixar un calendario de cara a negociar outras melloras laborais, ademais das salariais, para o persoal docente galego. Neste sentido lembraron que nos centros educativos “o profesorado está farto das condicións nas que desenvolvemos o noso traballo desde o inicio dos recortes, co incremento da da xornada lectiva, aulas masificadas sobre todo nas

ciudades, exceso de carga burocrática que resta tempo á preparación de clases, falta de recursos para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e falta de transparencia no control das vacantes tanto no Concurso de Traslados como na adxudicación de destinos provisionais”. Así pois, estas cuestións, xunto cun acordo retributivo completo, “non parcelado”, a eliminación definitiva dos descontos por enfermar e outros temas que tamén son prioritarios para o conxunto do profesorado, como un acordo de estabilidade para o persoal interino e a derogación do decreto do plurilingüismo, deberían abrirse á súa negociación de forma secuencial nos próximos meses.

En palabras de Bermello “se a Consellaría chega a esta Mesa impondo o que se pode ou non negociar, non estamos ante unha negociación senón ante outra cousa, polo que esiximos que o proceso se faga de forma aberta e sen trampas”. “Queremos recuperar o que é noso, esa é a mensaxe que nos traslada o profesorado, que respaldou recentemente con 11.915 sinaturas as medidas urxentes presentadas pola CIG-Ensino para recuperar os nosos dereitos, polo que non facemos máis que traer ese mandato a esta Mesa”, insistiu.

Cláusula de revisión salarial e fondo de compensación.

No apartado sobre a homologación retributiva, a CIG-Ensino propuxo que hai que ter en conta dúas variábeis importantes e condicionou o seu apoio a un acordo no que ambas se vexan reflectidas. Por un lado, o establecemento dun fondo de

compensación que permita recuperar o recortado nas pagas extras no salario docente desde 2013 e que rolda de media os 6.300 euros. Neste sentido, desde a CIG-Ensino enténdese que hai marxe para negociar a aplicación dun calendario para esta devolución. Estas contías non serían consolidábeis e rematarían unha vez satisfeita a débeda que a Xunta contraeu co seu persoal docente.

Por outra banda, e despois de que tanto o conselleiro de Educación como o propio presidente Feijóo recoñeceran recentemente que o profesorado galego é dos peores pagados do Estado, é necesario que o acordo ao que se pretenda chegar inclúa unha cláusula de revisión de cara a evitar que nos vindeiros meses o profesorado galego volva a estar de novo entre os peores pagados. “O resto de gobernos autonómicos xa están negociando melloras retributivas, coma Canarias que xa as ten aprobadas, e non hai que esquecer que o ano que vén hai eleccións autonómicas en todas as comunidades menos en Galiza, Catalunya e Euskadi”, apuntou o responsábel da CIG-Ensino.

Polo tanto, calquera suba acadada este ano en Galiza non pode quedar como unha foto fixa porque en poucos meses tamén haberá movementos á alza noutras comunidades”, indicou. Nestes intres, e segundo os cálculos da CIG-Ensino, as retribucións do persoal docente galego ocupan o posto 12º no conxunto do Estado no corpo de mestres e no 13º no corpo de PES, con diferenzas moi significativas ao respecto da parte máis alta das táboas, como se pode comprobar a continuación:

517€ (MESTRES) e 726€ (PES) por debaixo de CEUTA e MELILLA (MECD)
319€ (MESTRES) e 429€ (PES) por debaixo de EUSKADI
253€ (MESTRES) e 358€ (PES) por debaixo de NAVARRA
187€ (MESTRES) e 206€ (PES) por debaixo de BALEARES
152€ (MESTRES) e 159€ (PES) por debaixo de CANTABRIA
123€ (MESTRES) e 124€ (PES) por debaixo de CASTELA A MANCHA
<i>(Nota: un dos aspectos nos que non houbo acordo na Mesa foi sobre as retribucións a ter en conta para os cálculos. Existe unha discrepancia cos datos proporcionados pola Consellaría e aceptados polas demais OO.SS. ao non ter en conta algúns complementos autonómicos. A CIG-Ensino só emprega para facer os cálculos retribucións brutas mínimas que percibe todo o profesorado de cada Comunidade Autónoma sen antigüidade).</i>

Folga Xeral

19 DE XUÑO



**Sumando loitas
Sobran razóns**



Confederación Intersindical Galega

Á vista dos datos dos que dispón a CIG-Enseño, Suso Bermello indicou que para situarse na parte alta da táboa é preciso tomar en consideración unha cifra que rode os 200 euros mensuais de suba, tendo en conta “o panorama de onde vimos, tras 10 anos de recortes, e do grande esforzo e sacrificio feito polo profesorado galego”. “En calquera caso -salientou-, “o único punto no que de momento estamos de acordo co que avanzou a administración é a que esta suba sexa lineal para todos os corpos e a que se materialice na parte do complemento específico da nómina”. “Outros aspectos fundamentais serán, ademais, os prazos e o tempo no que se faría efectivo este posíbel acordo”.

Na reunión producíse un receso para ver a posibilidade de chegar a un punto de encontro entre as organizacións sindicais, o que foi totalmente imposible xa que os demais sindicatos non estaban dispostos a ir máis alá dunha proposta inicial de 130€ (inferior mesmo ao acordo de 2006, que chegou aos 150€). Ademais, asumindo o criterio da Consellaría, tampouco estaban en disposición de forzar unha fronte común para conseguir, cando menos, un acordo coa administración para fixar un calendario de negociación sobre condicións de traballo e recuperación dos recortes nas pagas extras desde 2013.

Despois da falta de acordo entre as organizacións sindicais para fixar conxuntamente esta posición, os e as

representantes da CIG-Enseño lamentaron que sexa a Consellaría a que fixe as regras de xogo, limitando o rango de negociación e sen nin sequera traer unha proposta á Mesa co beneplácito de CCOO, ANPE e UGT.

A preocupación e o malestar co que se iniciou a Mesa incrementouse ao remate desta, cando a Consellaría evidenciou que quere pechar o acordo sen que o profesorado poida estar ben informado, fixando a seguinte reunión xa para o próximo martes 22, “se é preciso pola mañá e pola tarde”, sen ter en conta a proposta da CIG de trasladala ao final da semana e interpelando os sindicatos estatais a que trouxeran preparada unha contraproposta.

Queren pechar o acordo sen que o profesorado estea convenientemente informado fixando a próxima reunión para o vindeiro martes, 22 de maio





11.915 sinaturas

#ProfesoradoConDereitos

**POLA
RECUPERACIÓN
DOS NOSOS**

dereitos

NON PAGAR POR ENFERMAR
SUBIDA DOS SALARIOS
DEMOCRACIA NOS CENTROS
EMPREGO CON ESTABILIDADE
ENSINO EN GALEGO
MENOS BUROCRACIA
DESTINOS DEFINITIVOS
REGULACIÓN DAS AFÍN
XADA DE RAT

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal